

3663 *CORRECCIÓN de erros e erratas do Real decreto 2267/2004, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais. («BOE» 55, do 5-3-2005.)*

Advertidos erros e erratas no Real decreto 2267/2004, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 14 en lingua galega, do 25 de decembro de 2004, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 2173, segunda columna, no artigo 1.c), onde di: «...,de acordo co número 1 da disposición derradeira primeira,...», debe dicir: «..., de acordo coa disposición derradeira segunda,...».

Na páxina 2180, no anexo I, no número 3.2.1, onde di:

$$Q_s = \frac{\sum_i G_i q_i C_i}{A} KR_a \text{ (MJ/m}^2\text{) o (Mcal/m}^2\text{)}$$

debe dicir:

$$Q_s = \frac{\sum_i G_i q_i C_i}{A} R_a \text{ (MJ/m}^2\text{) o (Mcal/m}^2\text{)}$$

Na páxina 2197, no anexo II, onde di: «Definicións», debe dicir: «1. Definicións».

Na páxina 2202, no anexo II, no número 3.3, onde di: «...deben ser de clase C-s3 d0 (M1)...», debe dicir: «... deben ser de clase B-s3 d0 (M1)...».

Na páxina 2205, no anexo II, no número 4.2.5, onde di: «...o previsto no parágrafo do punto 5.4.», debe dicir: «...o previsto no punto 5.4.».

Na páxina 2206, na figura, onde di:

«EF s/tabla apartado 4.2 Estabilidad al fuego s/ del apéndice 2 del RSCIEI tabla 2.3, para edificios tipo B para edificios tipo B

debe dicir:

«Estabilidad al fuego s/tabla 2.3, para edificios tipo B».

Na páxina 2214, no anexo II, no número 8.1.4, as dúas táboas deben refundirse nunha:

Nivel de risco intrínseco	Sistema de almacenaxe autoportante operado manual ou automaticamente					
	Tipo A		Tipo B		Tipo C	
	Asperxedores automáticos de auga		Asperxedores automáticos de auga		Asperxedores automáticos de auga	
	NON	SI	NON	SI	NON	SI
Risco baixo	R15(EF-15).	Non se exige.	Non se exige.	Non se exige.	Non se exige.	Non se exige.
Risco medio	R30(EF-30).	R15(EF-15).	R15(EF-15).	Non se exige.	Non se exige.	Non se exige.
Risco alto			R30(EF-30).	R15(EF-15).	R15(EF-15).	Non se exige.

XEFATURA DO ESTADO

3941 *LEI 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro. («BOE» 59, do 10-3-2005.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

I

A Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Comunidade e pola que se modifica a Directiva 96/61/CE, constitúe, dentro do Programa Europeo de Cambio Climático, a iniciativa máis relevante da Unión Europea (UE) para lograr que a Comunidade e os seus Estados membros poidan cumprir o compromiso de redución de emisións de gases de efecto

invernadoiro, que asumiron ao ratificaren o Protocolo de Kioto na Convención Marco de Nacións Unidas sobre o Cambio Climático, o 30 de maio de 2002.

O réxime que implanta a directiva inspírase nun dos instrumentos de mercado previstos no Protocolo de Kioto, o comercio de emisións, que, xunto aos baseados en proxectos de investimento en tecnoloxía limpa en países terceiros (desenvolvemento limpo e aplicación conxunta), constitúen os chamados mecanismos de flexibilidade do Protocolo de Kioto.

A Directiva 2003/87/CE sinala entre os seus principais obxectivos os de:

a) Axudar a cumprir coas obrigas derivadas da Convención e o Protocolo de Kioto.

b) Ser un mecanismo complementario do esforzo de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro que debe realizarse mediante medidas e políticas internas.

c) Diminuír os custos de redución das emisións, pois o comercio permitirá que, na UE, as emisións se reduzan alí onde menor custo económico implique a dita redución.

d) Garantir o bo funcionamento do mercado interior para evitar as distorsións da competencia que podería xerar o establecemento de réximes nacionais distintos.

e) Adquirir experiencia no funcionamento do comercio de emisións antes do ano 2008 en que empezará a